**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE XUÑO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaoito de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 4 de xuño de 2014.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para agrupación de naves existentes, con licenzas 387/91, 95/13 e 531/01 nas parcelas 15 e 16 e legalización de ampliación de nave sen uso definido, sitas en solo urbano na rúa dos canteiros, parcelas 15 e 16; para a demolición da edificación composta de planta baixa, tres altas e baixo cuberta, na rúa San Roque, número 46; para a demolición da edificación de planta baixa, sita na rúa San Antonio, número 10; para a construción dunha vivenda unifamiliar no núcleo rural tradicional de Santa Engracia+ Veiga+ Vilamarce, parroquia de San Pedro de Santa Comba e para a construción de vivenda unifamiliar na área de expansión con ordenación predeterminada do núcleo rural 14.1 A Pena, parroquia de Calde.

Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Deputación, número 7.

**2. PLANEAMENTO.-** Acórdase a aprobación inicial da modificación puntual do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior (PEPRI), do rueiro 214A (rúa San Roque-ronda da Muralla).

**3. DISCIPLINA URBANÍSTICA.-** Acórdase a resolución expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 53/12, feita con data do 27 de marzo de 2012 das construcións sitas no lugar de Soñariño, parroquia de San Pedro de Soñar, con uso principal residencial.



Código Seguro de verificación:JLZ2FhMABtc6oBtbrcQCgQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 25/06/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | JLZ2FhMABtc6oBtbrcQCgQ== | PÁGINA | 1/4 |

JLZ2FhMABtc6oBtbrcQCgQ==

Tamén se acorda a resolución expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 96/12, feita con data do 17 de abril de 2012, da construción composta planta baixa e compartimentada en varias dependencias con diversos elementos e usos, sita nas areeiras, número 27-Estrada de Friol, con uso industrial (actividade de carpintería e cerrallaría metálica).

Así mesmo, acórdase a resolución expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 112/12, feita con data do 18 de abril de 2012, das construcións sitas na Brea-Tirimol, con uso principal residencial.

Acórdase a resolución expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 115/12, feita con data do 18 de abril de 2014, da construción composta de planta baixa e piso, sita en Rozas, número 4 -Santa María de Teixeiro e con uso principal hoteleiro.

Do mesmo xeito acórdase a resolución expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 117/12, feita con data do 18 de abril de 2012, das construcións sitas en Garaballa de Arriba, número 35, con uso principal residencial.

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**4. PERSOAL.-** Acórdase a aprobación das bases que rexerán o concurso para a provisión dun posto de traballo no Excmo. Concello de Lugo.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a desestimación da solicitude de revisión de renda no contrato de alugamento de vivenda en Leiras Pulpeiro, número 7- 4º piso, propiedade do Concello de Lugo.

**6. INTERVENCIÓN.-** Acórdase a rectificación do erro material no acordo do Excmo. Concello Pleno número 4/32, do 7 de abril de 2014, polo que se procede á aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria suplemento de crédito 1/2014.

**ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA**

**7. CEMITERIO.-** Acórdase a anulación do acordo da Xunta de Goberno Local número 14/599, do 31-08-2011, polo que se estima o recurso extraordinario de revisión, formulado contra o Decreto número 491/2009 do Libro de Resolucións



Código Seguro de verificación:JLZ2FhMABtc6oBtbrcQCgQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 25/06/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | JLZ2FhMABtc6oBtbrcQCgQ== | PÁGINA | 2/4 |

JLZ2FhMABtc6oBtbrcQCgQ==

de Cemiterio, que permanece en vigor. Levantamento da suspensión da execución do decreto antes mencionado.

**ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE**

**8. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra o Decreto da Alcaldía número 13013102, do día 27 de decembro de dous mil trece, polo que se resolve a concesión e denegación de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2013.

Tamén se acorda da desteminción do recurso de reposición interposto contra o Decreto da Alcaldía número 13013102, do día 27 de decembro de dous mil trece, polo que se resolve a concesión e denegación de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2013.

Así mesmo, acórdase a desestimación do reposición interposto contra o Decreto da Alcaldía número 13013102, do día 27 de decembro de dous mil trece, polo que se resolve a concesión e denegación de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2013.

Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra o Decreto da Alcaldía número 13013102, do día 27 de decembro de dous mil trece, polo que se resolve a concesión e denegación de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2013.

Do mesmo xeito, acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra o Decreto da Alcaldía número 13013102, do día 27 de decembro de dous mil trece, polo que se resolve a concesión e denegación de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2013.

Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra o Decreto da Alcaldía número 13013102, do día 27 de decembro de dous mil trece, polo que se resolve a concesión e denegación de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2013.

Acórdase a desetimación do recurso de reposición interposto contra o Decreto da Alcaldía número 13013102, do día 27 de decembro de dous mil trece, polo que se resolve a concesión e denegación de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2013.

Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra o Decreto da Alcaldía número 13013102, do día 27 de decembro de dous mil trece, polo que se resolve a concesión e denegación de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2013.



Código Seguro de verificación:JLZ2FhMABtc6oBtbrcQCgQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 25/06/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | JLZ2FhMABtc6oBtbrcQCgQ== | PÁGINA | 3/4 |

JLZ2FhMABtc6oBtbrcQCgQ==

Acórdase a estimación do recurso de reposición interposto o Decreto da ALlcaldía número 13013102, do día 27 de decembro de dous mil trece, polo que se resolve a concesión e denegación de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2013.

Acórdase a estimación do recurso de reposición interposto contra o Decreto da Alcaldía número 13013102, do día 27 de decembro de dous mil trece, polo que se resolve a concesión e denegación de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2013.

Tamén se acorda a estimación do recurso de reposición interposto contra o Decreto da Alcaldía número 13013102, do día 27 de decembro de dous mil trece, polo que se resolve a concesión e denegación de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2013.

Tamén se acorda a estimación do recurso de reposición interposto contra o Decreto da Alcaldía número 13013102, do día 27 de decembro de dous mil trece, polo que se resolve a concesión e denegación de subvencións para alugamento de vivendas en lugo. Exercicio económico 2013.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

- Acórdase a incoación de expediente sancionador por incumprimento de servizos mínimos durante folga e advertencia de caducidade da concesión no contrato administrativo de xestión de servizo público, correspondente ao servizo de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**



Código Seguro de verificación:JLZ2FhMABtc6oBtbrcQCgQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 25/06/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | JLZ2FhMABtc6oBtbrcQCgQ== | PÁGINA | 4/4 |

JLZ2FhMABtc6oBtbrcQCgQ==